



CONCELLO DE AGOLADA

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS PEÓNS CONDUTORES DE MAQUINARIA FORESTAL, CATRO PEÓNS FORESTAIS E UN COORDINADOR AO ABEIRO DO

PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO

COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, AO ABEIRO DA ORDE DO 22 de XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2026.

PRIMEIRA. NORMAS XERAIS.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en aplicación da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, **programa Galicia Suma Talento: Rural Activo**, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026, correspondente ao código de procedemento TR351G.

NÚMERO de POSTOS CONVOCADOS e CARACTERÍSTICAS:

- **2 PEÓNS CONDUTORES DE MAQUINARIA FORESTAL**
 - Grupo de cotización:** Grupo nove. (9)
 - Tipo de contrato:** Contrato de traballo temporal para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral coas cláusulas específicas de traballos de interese social.
 - Duración:** Nove meses. 9
 - Xornada:** 100% Cen por cento, correspondente a xornada completa.
 - Ocupación:** Letra D.
- o **Importe da axuda:** Trinta e tres mil novecentos dez euros con seis céntimos. 33.910,06





- **4 PEÓNS FORESTAIS**

Grupo de cotización: Grupo dez.(10)

Tipo de contrato: Contrato de traballo temporal para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Duración: Nove meses. 9

Xornada: 100% Cen por cento, correspondente a xornada completa.

Ocupación: Letra D.

- o **Importe da axuda:** Sesenta e sete mil oitocentos vinte euros con doce céntimos. 67.820,12

- **1 COORDINADOR DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO**

Grupo de cotización: Grupo dous. (2).

Tipo de contrato: Contrato de traballo temporal para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Duración: Nove meses. 9

Xornada: 100% Cen por cento, correspondente a xornada completa.

Ocupación: Letra D.

- o **Importe da axuda:** Dezasete mil setecentos cincuenta e dous euros con cincuenta e nove céntimos. 17.752,59

- **IMPORTE TOTAL DA AXUDA:** Cento dezanove mil catrocentos oitenta e dous euros con setenta e sete céntimos. 119.482,77

- **SERVIZO:** Servizos de conservación do medio forestal e prevención de riscos para o medio ambiente.

SEGUNDA. MODALIDADE DO CONTRATO

A modalidade do contrato de traballo de carácter temporal será a establecida para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral, incluíndo as cláusulas específicas de traballos de interese social, consonte ao disposto no artigo quince, número un, da Orde do vinte e dous de xaneiro de dous mil vinteseis pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural.

Respecto da xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións brutas mensuais, establécense as seguintes condicións segundo a resolución de concesión do ano dous mil vinteseis:





CONCELLO DE AGOLADA

- As retribucións mensuais dos traballadores e traballadoras en cómputo mensual desagregadas por conceptos se vencellan ao Acordo marco de ámbito estatal para o sector de actividades forestais, publicado no BOE nº 165 de data 11/07/2019 de data 05 de febreiro, e no seu defecto ao importe legal mínimo establecido polo SMI, segundo o publicado no BOE nº44 de 19 febreiro de 2026 con efectos retroactivos dende o 01/01/2026. As retribucións mensuais axustaranse así aos convenios colectivos vixentes e vencellados á solicitude de axudas e a resolución das mesmas.
- Nas retribucións mensuais indicadas entenderase incluída a prorrata das pagas extraordinarias.
- **Ámbito de actuación:** No termo municipal do Concello de Agolada.
- **Horario:** De luns a venres.

TERCEIRA. CONDICIÓN DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos xerais e específicos:

REQUISITOS XERAIS:

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo de que a poboación nacional dos demais Estados membros da Unión Europea poida acceder en idénticas condicións conforme ao dereito comunitario de libre circulación de traballadoras e traballadores.
- Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Cumprir os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, debendo achegar antes da sinatura do contrato unha certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible coas funcións.





CONCELLO DE AGOLADA

- Estar inscrito ou inscrita como demandante de emprego non ocupado no Servizo Público de Emprego de Galicia e figurar dispoñible para o emprego.

REQUISITOS ESPECÍFICOS

para **PEÓNS CONDUTORES de maquinaria forestal:**

- Ter carnet de conducir do tipo B.
- Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

REQUISITOS ESPECÍFICOS

para o **COORDINADOR do programa:**

- Estar en posesión da titulación de Enxeñería Técnica Forestal, ou o título de Grao equivalente que habilite para o exercicio da profesión regulada, dacordo co requirido para o grupo de cotización dous.
Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego para a formalización da preselección.

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural.

Formularanse as correspondentes ofertas de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, organismo encargado de realizar a sondaxe previa de candidatos e candidatas.

Non se atenderá á presentación de instancias directas de participación, xa que os candidatos e candidatas deberán figurar obrigatoriamente na lista de preselección remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia en contestación ás ofertas presentadas.

As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web institucional.

Os candidatos e candidatas desempregados deberán acompañar no día sinalado pola oficina de emprego para a súa presentación no Concello a documentación de identificación persoal, a tarxeta





sanitaria e a declaración responsable segundo o modelo do anexo primeiro.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Despois da presentación dos candidatos incluídos nas listas remitidas pola oficina pública de emprego, a alcaldía ditará unha resolución na que se declare aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na páxina web institucional, indicárase un prazo de (2), dous días hábiles para a emenda de defectos ou subsanación de erros.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, publicando a composición do tribunal e sinalando a data e hora na que se constituirá para a realización das correspondentes probas de selección. No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, o prazo indicado anteriormente será obviado e ditarase unha soa resolución con carácter de lista definitiva.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará constituído por un presidente ou presidenta, un secretario ou secretaria e tres vogais que se designarán mediante un nomeamento oficial.

Para a válida constitución e actuación do tribunal requirirase a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible en todo caso a presenza de quen exerza a presidencia e a secretaría. O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases.

SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso oposición, e a selección realizarase por orde decrecente atendendo á puntuación obtida.

1. Valoración de méritos e colectivos prioritarios.





CONCELLO DE AGOLADA

Valoraranse ata un máximo de dous puntos (2), a suma dos seguintes aspectos, correspondendo 0,25 e 0,5 puntos por cada requisito cumprido conforme ao establecido no artigo 14.6, da Orde do 22 de xaneiro de 2026:

- **Letra A:** Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría. **0,5 puntos**
- **Letra B:** Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, **0,25 puntos** especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. **0,25 puntos**
- **Letra C:** Mulleres, **0,25 puntos** en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual. **0,25 puntos**
- **Letra D:** Menores de trinta anos, **0,25 ptos** e ademáis, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. **0,25 puntos**
- **Letra E:** Persoas paradas de longa duración. **0,5 puntos**
- **Letra F:** Persoas con discapacidade. **0,5 puntos**
- **Letra G:** Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. **0,5 puntos**
- **Letra H:** Persoas desempregadas maiores de corenta e cinco anos. **0,5 puntos**
- **Letra I:** Persoas trans. **0,5 puntos**
- **Letra J:** Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España. **0,5 puntos**

2. Probas prácticas e exames teóricos.

- **Para as categorías profesionais de peóns condutores de maquinaria forestal e peóns forestais:**





Realizarase unha proba práctica que permita relacionar os coñecementos prácticos sobre o uso de ferramentas e maquinarias propias do servizo de traballos forestais, tales como podadoras, motoserras ou desbrozadoras de man, así como o manexo de ferramentas manuais. Para os peóns condutores a proba tamén pode incluír a condución e o manexo de maquinaria a motor.

A valoración das probas prácticas terán en conta os seguintes criterios:

.- Coñecementos para a realización das funcións. Pasos na execución. **2 puntos**

.- Capacidade de obtención de resultados acordes ao solicitado. Resultados obtidos. **2 puntos**

.- Tempo empregado e velocidade de execución para a obtención do resultado. **2 puntos**

- A nota final de cada candidato será a resultante da suma das puntuacións obtidas en cada un dos 3 apartados anteriores, ata un máximo de 6 puntos. Se determina un mínimo de 3 puntos para considerar superada esta fase, en caso contrario suporá a cualificación de Non Apto e a exclusión automática do candidato ou candidata do proceso de selección.

• **Para a categoría profesional de coordinador do programa:**

Realizarase un exame teórico escrito mediante un cuestionario tipo test con preguntas relacionadas cos plans de prevención de incendios forestais de Galicia, delimitación de faixas secundarias e xestión da biomasa, adecuadas ás funcións técnicas de Enxeñería Técnica Forestal ou equivalente, requiridas para o posto. Consistirá en;

Test de 12 preguntas con 4 respostas alternativas das que so 1 será a correcta e 3 preguntas de reserva. Cada acerto sumará 0,5 puntos sendo cada erro penalizado con unha resta de 0,166 puntos (1/3). Se entenderá como erro cada resposta sinalada como incorrecta ou tamén aquelas nas que se sinalen varias das 4 opcións aínda que unha de estas fora a correcta. As cuestións en branco non restan. A activación das preguntas de reserva seguirá a estricta orde establecida pola numeración ordinal da cada unha de elas, (1º a 13, 2º a 14, 3º a 15), e so se terán en conta cando o Tribunal así o considere necesario pola xustificada anulación de calquera das 12 preguntas titulares.

A puntuación máxima (100%), neste apartado será de un máximo de seis puntos (6). Unha cualificación inferior a tres puntos (3), (50%), nesta proba suporá a cualificación de Non Apto e a exclusión automática do candidato ou candidata do proceso de selección.

CRITERIOS DE DESEMPATE.





CONCELLO DE AGOLADA

No suposto de empate nas puntuacións, o desempate dirimiranse da seguinte maneira:

- Primeiro por aquel/a aspirante que obtivera maior puntuación na proba práctica ou teórica.
- Segundo por aquel/a aspirante que obtivera maior puntuación no concurso de méritos.

Por último, se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos das persoas aspirantes empatados e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «U», atendendo ao disposto na Resolución de 28 de xullo de 2025, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración do Estado, publicada no BOE número 184, de 1 de agosto de 2025.

OITAVA. RELACIÓN DE CANDIDATOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO.

Unha vez finalizadas as probas, o tribunal fará pública a relación de aspirantes indicando a puntuación provisional acadada por orde decrecente no taboleiro de edictos do concello e na páxina web institucional. Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles a partir do seguinte ao da publicación para efectuar as alegacións pertinentes ante o tribunal cualificador.

Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas, darase traslado da proposta de contratación ao Alcalde-Presidente da Corporación, don Oscar Val García. Non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas, quedando os demais candidatos aprobados nunha listaxe de agarda ordenada segundo as puntuacións obtidas co obxecto de dar cobertura a posibles baixas temporais ou renuncias.

NOVENA. INCIDENCIAS

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, os interesados e interesadas poderán interpoñer, alternativamente, ou ben un recurso de reposición potestativo no prazo dun mes ante o alcalde do Concello de Agolada, don Oscar Val





CONCELLO DE AGOLADA

García, cuxo número de identificación fiscal é corenta e catro millóns noventa mil cincocentos cincuenta e oito H, de conformidade coa Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben un recurso contencioso administrativo ante o sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra correspondente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación oficial.

ANEXO I TEMARIO: EXAME TEST PARA A CATEGORÍA DE COORDINADOR

Bloque I: Marco Normativo e Incendios Forestais

1. **Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:** Obxecto, definicións e competencias das administracións públicas.
2. **O Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA):** Estrutura, obxectivos e épocas de perigo.
3. **Zonas de Alto Risco de Incendio (ZAR):** Criterios de delimitación e implicacións legais.

Bloque II: Xestión da Biomasa e Faixas de Xestión

4. **Redes de Faixas de Xestión de Biomasa:**
 - o **Faixas Primarias:** Estradas, autovías, vías férreas e liñas eléctricas.
 - o **Faixas Secundarias:** Ámbito de aplicación (núcleos de poboación, edificacións illadas, industrias). Delimitación técnica e distancias (os 50 metros).
 - o **Faixas Terciarias:** Camiños e pistas forestais.
5. **Criterios Técnicos de Xestión da Biomasa:** Especies prohibidas na proximidade de vivendas (Anexo I da Lei 3/2007), densidades, rozas e podas.
6. **Modelos de combustible:** Aplicación técnica na planificación preventiva.

Bloque III: Procedementos Administrativos e Execución

7. **Plans Municipais de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais:** Contido mínimo, tramitación e cartografía oficial.
8. **Procedemento para o cumprimento da xestión da biomasa:** Notificacións, avisos de execución, execución subsidiaria e expedientes sancionadores.





CONCELLO DE AGOLADA

9. **O Convenio de Protección de Aldeas:** O papel de SEAGA e o sistema de xestión pública de biomasa nas faixas secundarias.

Bloque IV: Ferramentas Técnicas e Cartografía

10. **SIX e Teledetección:** Uso do SIXPAC e outras ferramentas cartográficas para a delimitación de faixas e o seguimento da xestión da biomasa.
11. **Valoración de custos de prevención:** Unidades de obra forestal aplicadas á limpeza de faixas e xestión de restos.

ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE

AO SR ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA

D. _____ **DOCUMENTO***

***(APORTARÁ O DOCUMENTO NO MOMENTO DA PRESENTACIÓN)**

Domicilio a efectos de notificacións en.

Dirección postal

Mail

Teléfonos de contacto

Valoración máxima 2 puntos. (0.25 e 0,5 puntos por cada requisito que se cumpra ata un máximo de 2)

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE A DATA ACTUAL:

Estou na seguinte situación e/ou cumpro os seguintes requisitos. Sinalar con "X"

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de





CONCELLO DE AGOLADA

emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría. **0,50 ptos**

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, **0,25 ptos**, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. **0,25 ptos**.

c) Mulleres, **0,25 ptos**, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual. **0,25 ptos**

d) Menores de 30 anos, **0,25 ptos** en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. **0,25 ptos**.

e) Persoas paradas de longa duración. **0,50 ptos**

f) Persoas con discapacidade. **0,50 ptos**

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito **0,50 ptos**

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. **0,50 ptos**

i) Persoas trans. **0,50 ptos**

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España. **0,50**

Nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR





CONCELLO DE AGOLADA

-
- DNI/NIF/NIE ou SIMILAR
 - CARNET B (CONDUCTORES)
 - TÍTULO GRADO (coordinador)

*Quedo informado de que en caso de requerimento me comprometo a presentar acreditación documental da veracidade dos datos manifestados. Non atender dito requerimento no prazo que se indique na comunicación ou de verificarse a non existencia e coincidencia dos mesmos, conlevará a exclusión do candidato do proceso de selección e se dará continuidade ao mesmo.

Para que conste e declarando a veracidade de todo canto cito, asino a presente declaración en

Agolada a _____ de _____ de 2026.

Asdo:-

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE AGOLADA, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE AGOLADA, con domicilio social na R/ Praza do concello nº1.- 36520.- AGOLADA.- PONTEVEDRA. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, art. 6 L.O.P.D, o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE AGOLADA, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

